



ACORDO DO CONSELLO DE GOBERNO POLO QUE SE PROCEDE Á MODIFICACIÓN DO ACORDO DO 26/02/2025 POLO QUE SE APROBOU A CONCESIÓN DE PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE MÁSTER UNIVERSITARIO CORRESPONDENTES AO CURSO ACADÉMICO 2023/2024

ANTECEDENTES

1. O Consello de Goberno da Universidade da Coruña (UDC), na sesión celebrada o 17/12/2020, aproba o Regulamento de premios extraordinarios de Máster Universitario.
2. O 21/01/2025 publica na sede electrónica da UDC a Resolución reitoral da Universidade da Coruña pola que se inicia o expediente de concesión de premios extraordinarios de Máster Universitario correspondentes ao curso académico 2023/2024.
No Anexo I da Resolución figura o número de premios extraordinarios que corresponden por titulación, para o estudantado que teña unha nota media non inferior a notable no expediente académico. No título de Máster Universitario en Enxeñaría Naval e Oceánica da Universidade da Coruña figura 1 candidatura, que corresponde ao estudante Víctor José Quintana De Torres, con documento de identidade núm. **6154***.
3. De conformidade co establecido na base 3.2 da Resolución reitoral, o 07/02/2025 publícase a relación priorizada definitiva de proposta de concesión de premios extraordinarios. E conforme á base 3.3 ábrese un prazo para presentar a aceptación do premio de 10 días naturais, que contarán desde o día seguinte ao da publicación, entendéndose que a persoa renuncia de forma voluntaria á concesión do premio de non presentar a aceptación dentro do prazo indicado.
Nesa relación priorizada definitiva figura Víctor José Quintana De Torres, quen non manifesta a súa aceptación dentro do prazo indicado, polo que se entende que renuncia á concesión do premio.
4. Conforme ao disposto na base 4 da Resolución reitoral, na sesión do 26/02/2025 o Consello de Goberno da UDC aproba a concesión de Premios Extraordinarios de Máster Universitario, quedando deserto o premio correspondente ao título de Máster Universitario en Enxeñaría Naval e Oceánica.
5. O 02/03/2025, Víctor José Quintana De Torres manifesta a súa aceptación do premio, fóra do prazo establecido na base 3.3 Resolución reitoral.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O Regulamento de premios extraordinarios de máster universitario, aprobado polo Consello de Goberno o 17/12/2020, non dispón a natureza do prazo de aceptación dos premios. Polo tanto, a determinación do seu carácter esencial debe realizarse conforme



aos principios de proporcionalidade, a fin de non outorgar ao mesmo efectos irrazonables e innecesariamente prexudiciais para as persoas afectadas. Elo esixe analizar as circunstancias en que se produxo o incumprimento por parte de Víctor José Quintana De Torres.

2. Da documentación obrante no expediente despréndese que:

1º) O procedemento iníciase de oficio, por Resolución reitoral de 21/02/2025, pola que se inicia o expediente de concesión de premios extraordinarios de Máster Universitario correspondentes ao curso académico 2023/2024. Non existe, daquela, instancia da persoa interesada, que lle podería poñer na situación de obrigada a facer un seguimento dos trámites que conforman o procedemento.

2º) Non se desprende do procedemento vontade de incumprimento, mala fe ou ausencia de interese no afectado, quen manifesta que o incumprimento do prazo se debeu ao feito de non atender ao correo institucional da UDC coa asiduidade que esixiría o cumprimento do prazo.

3º) A renuncia do afectado non outorga dereito algún a terceiros, por canto a súa candidatura é única para o título de Máster en Enxeñaría Naval e Oceánica.

3. Polo exposto, en virtude do principio de proporcionalidade, e non existindo prexuízo ao interese público nin a terceiros, o Consello de Goberno

ACORDA a modificación do acordo adoptado na sesión de 26/02/2025 polo que se aprobou concesión de Premios Extraordinarios de Máster Universitario, incluíndo o premio correspondente ao título de Máster Universitario en Enxeñaría Naval e Oceánica en favor de Víctor José Quintana De Torres.

O Reitor

P.D. (RR 10/07/2024)

O vicerreitor de Títulos e Internacionalización